



## ACTA DO CONSELLO DE GOBERNO DE 27 DE ABRIL DE 2017

Ás 9.30 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico, don Julio Abalde Alonso, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**.

Excusan a súa ausencia a vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria Margarita Amor López, Manuel Reyes García Hurtado, María Jesús Lorenzo Modia, Fernando Agrasar Quiroga, María Inés Pernas Alonso e Laura María Castro Souto.

### 1. Informe

O reitor comezou informando da sinatura de dous convenios coa Deputación da Coruña para arranxar as pistas e o estadio do Campus de Elviña e máis para a creación dunha cátedra de Dereito Local na UDC.

A seguir, dou conta da estimación parcial polo TSXG do recurso formulado pola UDC contra o Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia (PFSUG) 2011-2015, que recoñece a existencia dun infrafinanciamento da nosa universidade e ordena á Xunta o recálculo do fondo estrutural entre os anos 2012 e 2015. Expresa o seu recoñecemento á anterior equipa de goberno e, moi especialmente, ao reitor Xosé Luís Armesto, á vicerreitora de Economía Amalia Blanco Louro e ao xerente Juan Díaz Villoslada. Informa que a UDC xa está a negociar coa Xunta a mellor vía para executar a sentenza que, sen dúbida, vai supor un mellor financiamento para a UDC.

A seguir, o **vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente**, Alberto Valderruten Vidal, informou dos seguintes asuntos:

- O día 06/04/2017 informouse favorablemente a autorización dunha licenza dun ano sen soldo en aplicación do artigo 86.4 dos Estatutos da UDC no Departamento de Química na área de coñecemento de Química Inorgánica
- O 17/04/2017 autorizouse a contratación dun interino de substitución P06 pola lista de agarda 16/1011 debido a baixa de IT debido a un accidente non laboral dunha profesora da área de coñecemento de Fisioterapia.
- O 20/04/2017 autorizouse a integración no corpo de titulares de universidade dun profesor titular de Escola Universitaria tras acadar a acreditación correspondente, en aplicación da disposición adicional 2ª da Lei orgánica 4/2007.
- Finalmente, participou ao Consello de Goberno a actualización do tribunal para a praza de profesor titular de universidade da Área de Enxeñaría Mecánica debido a que a Universidade de Las Palmas de Gran Canaria

comunicou que a secretaria titular non pertence a área da praza. Substitúea a secretaria suplente, pasando o primeiro vogal suplente a ser o secretario suplente. Mantense a paridade no tribunal titular.

O **vice-reitor de Política Científica, Investigación e Transferencia** , Salvador

Naya Fernández, informou dos asuntos que a seguir se relacionan:

- Axudas a investigación: Están xa resoltas as solicitudes de axudas para a organización de congresos, estadias, H2020 e patentes. Estase en prazo de subsanación das solicitudes en admitidos e excluídos. O prazo de reclamación a estas solicitudes é de 10 días desde o martes 25 de abril.

- Solicitud de selo europeo HRS4R: Agradecer a alta participación nas enquisas, que era un dos puntos débiles detectados polos avaliadores da comisión europea, pasouse dun 3.58% na enquisa anterior ata un 16.4% nesta nova convocatoria. Fíxose unha reunión do comité de seguimento esta pasado luns co análise GAP dos resultados destas enquisas.

- A UDC consegue o selo ECAH (Entidade Colaboradora da Administración Hidráulica): Solicitouse esta inclusión por parte dos Servizos de Apoio a Investigación (SAI), a petición de varios investigadores que traballan en temas relacionados coa auga.

- Avaliación ANEP: Unha vez feita a avaliación dos grupos de investigación e investigadores individuais, procederase o reparto do 50% das axudas correspondentes e aprobadas neste consello.

- Agradecemento ao profesor **Rafael Colina Garea**: Queremos agradecer a excelente labor desenvolvida polo profesor Rafael Colina como Presidente do Comité de Ética desta Universidade. Este profesor cesa neste comité debido ao seu novo cargo como director do Departamento de Dereito Privado. Nos vindeiros días procederase a nomear unha nova persoa para desempeñar a dirección deste comité.

De por parte, a **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** , Nancy Vázquez Veiga, deu conta dos seguintes asuntos:

- Que o pasado 4 de abril tivemos unha reunión na Secretaría Xeral de Universidades. Para o vindeiro curso académico mantense a oferta de mestrados. Canto ao número de prazas, houbo algunha modificación con respecto ás aprobadas en Consello de Goberno:

- Grao en Dereito: 114 prazas (120)
- Grao en Español: 50 prazas (40)
- Grao en Galego e Portugués: 50 prazas (40)

- Grao en Inglés: 100 prazas (95)
- Simultaneidade Empresariais-Arquitectura Técnica: 10 prazas (30)
- Simultaneidade Empresariais-Turismo: 25 prazas (30)
- Simultaneidade Inglés-Español: 20 prazas (25)
- Simultaneidade Inglés- Galego e Portugués: 5 prazas (10)
- Simultaneidade Español-Galego e Portugués: 5 prazas (10)
- Simultaneidade Humanidades – Información e Documentación (non se oferta)
- Mestrado en estudos ingleses avanzados a as súas aplicacións: 10 prazas (14)
- Mestrado en Psicopedagogía: 23 prazas (30)
- Mestrado en Xerontoloxía: 25 (40)

- En canto á Convocatoria de Bolsas de Excelencia para a Mocidade do Exterior que publicou a Secretaría Xeral de Emigración, queremos facer as seguintes aclaracións. Nun primeiro momento recibimos un borrador desa convocatoria que incluía unicamente 12 mestrados. Nós mandamos unha listaxe de 40 mestrados (todos os que se imparten na UDC agás os profesionalizantes). Tal como di a Resolución do 7 de abril de 2017 da Secretaría Xeral de Emigración, “seleccionáronse en función das posibilidades dunha maior empregabilidade e son de interese para o desenvolvemento do sector produtivo industrial, de servizos, así como o da información e coñecemento de Galicia”. Como entendemos que a partir dese parágrafo non se entende moi ben como se fixo esa escolla, a Vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria falou esta semana con José Carlos García Bouzas da Subdirección Xeral de Xestión Económico-Administrativa do retorno. Na conversa co subdirector pedíronselle os criterios seguidos desde a Secretaría para seleccionar os másteres e indicóusenos que foran tres: - Que non fosen habilitantes / - Que non fosen internacionais / - Que coincidisen cos sectores indicados desde a Consellería de Emprego onde hai posibilidades de bolsas de traballo e continuidade na creación de empresas, xa que un dos obxectivos que buscan a Consellería é recuperar a xente que poida crear emprego. Comprometémonos a facer as xestións necesarias para que na vindeira convocatoria se inclúan todos os mestrados que desde a UDC se propoñan.

**A vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria** Margarita Amor López, trasladou ao Consello as informacións seguintes:

- Que dentro das Xornadas de orientación universitaria e profesional, organizadas polo Concello da Coruña, a UDC participou na organización destas Xornadas, realizadas do 3 ao 7 de abril, onde se informa e orienta aos estudantes de educación secundaria sobre a oferta de estudos universitarios e outros estudos, así como das saídas profesionais ó seu remate. A asistencia, este ano, foi estimada nuns 6000 estudantes.
- O 27 de abril, no Campus de Ferrol celebrárase o día da Danza cunha actuación do Grupo de Danza “NORMAL” e o Grupo de Danza de Ferrol, na praza que hai diante da Facultade de Humanidades a partir das 13:00.
- Publicación da resolución de concesión das axudas ó programa de actividades estudiantís; tamén, a listaxe definitiva de persoas admitidas nas prazas de “Correspondentes Universitarios” da UDC; e a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas das axudas da UDC, para a Organización de Xornadas Divulgativas e Ciclos de Conferencias. Tamén se publicaron as solicitudes, admitidas e excluídas, das axudas da UDC para a realización de cursos de verán. Tamén foi publicada a lista provisional de admitidos e excluídos da Convocatoria de Bolsas Santander CRUE-CEPYME Prácticas en Empresas ben como a resolución definitiva de adxudicación de destinos da Convocatoria de Mobilidade de SICUE para o Curso 2017/2018.
- Finalmente, o 7 de Abril asinouse un Convenio coa Deputación da Coruña por un total de 200.000 euros, para o financiamento da “Renovación do Estadio do Campus de Elviña. Renovación da pista de Atletismo e mellora da accesibilidade e acondicionamento interior”. O Convenio firmado co Concello da Coruña a finais do ano 2016, foi por un importe de 300.000 euros. Cun financiamento total de 500.000 Euros, con os seguintes obxectivos o obxecto do convenio é a renovación do pavimento da pista de atletismo coa instalación dun novo pavimento sobre o pavimento actual para reparar as zonas gravemente deterioradas e a construción dunha entrada de usuarios centralizada, situada no centro do edificio das bancadas. A nova entrada con controis de acceso, daría acceso directo ao hall de distribución do edificio, facilitando o control dos usuarios para acceder ás distintas instalacións deportivas; eliminando barreiras arquitectónicas e favorecendo o acceso ós usuarios con mobilidade reducida. Alén do máis, inclúese o acondicionamento das salas baixo as bancadas, para garantir a estanqueidade da choiva e unha correcta condición térmica no interior.

**O vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade, Domingo Calvo Dopico, dou conta dos asuntos seguintes:**

En materia de xestión económica:

- Manual de Xestión Orzamentaria: Continua a avanzar o grupo de traballo do manual de xestión orzamentaria. Está próximo a rematar o capítulo II. Continuaremos co capítulo VI.

- Transferencia de crédito UMI UDC-NAVANTIA: Ao se ter orzamentado un crédito por valor de 83.857,19€ que non é necesario xa que a achega da UDC é en especie, isto é, son parte do gasto de persoal que fai o persoal da Universidade nas accións que desenvolve en Navantia liberarase ese crédito na conta 0515 250001 541A 649.02 e pasaría, por medio dunha transferencia, a incrementar o saldo para devolución de infraestruturas ou de reintegros de investigación na conta 0500 541A 649.99. Polo tanto, solicítase que se aprobe esta liberación de crédito e a posterior transferencia.

- Reparto de créditos para os novos departamentos: vaise facer a proposta de reparto de créditos para os novos departamentos. O procedemento é o seguinte:

a) Necesítanse establecer as 23 contas de destino correspondentes aos novos departamentos.

b) Establecer a correspondencia entre as novas unidades departamentais e as antigas, incluídas as áreas de coñecemento.

c) Estimar as proporcións que lle corresponde a cada área de coñecemento en función do número de membros de cada área.

d) Proceder a aplicar esa proporción ou porcentaxe para repartir o 75% que se fixera correspondente á reserva de crédito.

e) Finalmente, procederíase á engadir o crédito dispoñible á cada unha das áreas de coñecemento no departamento de destino (resultado do apartado b xa comentado). E dicir, correspondería aplicar a ponderación de cada unha das áreas de coñecemento ao crédito non gastado do 25% de crédito inicial repartido en xaneiro de 2017 e proceder a transferir eses fondos ao departamento de destino onde corresponda esa área de coñecemento.

Deste xeito os novos departamentos xa poderían desenvolver a súa actividade.

- Imputacións e validacións de expedientes de gasto

Imputacións:

- Informe V-010-17 de data 28.03.17 e importe 279.700,93€
- Informe V-011-17 de data 19.04.17 e importe 98.369,78€
- Informe V-012-17 de data 19.04.17 e importe 21.215,17€
- Total imputado: 399.285,88€

Validacións:

- Informe C-003-17 de data 21.04.17 e importe 181.548,47€
- Informe C-004-17 de data 21.04.17 e importe 31.225,08€
- Total validado: 212.0773,55€

Informe de infraestruturas:

- Xa foi licitado o contrato para as melloras das pistas e da reforma da entrada do Estadio.
- A calefacción pechará o próximo 2 de maio. Para aquelas persoas que necesitasen máis temperatura permitirase o acendido de radiadores.

Informe de sustentabilidade:

Informou da recepción do Informe de GreenMetrics no que a UDC acadou unha posición moi boa quer a nivel galego, quer estatal ou quer internacional. Somos a primeira universidade galega do SUG neste ranking, a decimo terceira de España e a 149 a nivel internacional. Destacamos no eido da educación ambiental no que superamos a universidade que lidera o ranking en España e no aforro de auga. Esta vicerreitoría agradece a colaboración da Facultade de Ciencias da Educación que acadou a bandeira verde, pasando a ser cuarto centro desta Universidade que o obtén e a colaboración do centro de Arquitectura. Ambos os dous centros participaron activamente a semana pasada na presentación ante diferentes medios de comunicación dos resultados positivos en ambos os dous centros.

A **vicereitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social**, Araceli Torres Miño, informou dos asuntos seguintes:

- Publicación da relación de persoas adxudicatarias e as empresas colaboradoras do programa de bolsas-prácticas da Fundación ONCE – CRUE, para estudantes con discapacidade.
- Finalización do prazo, o próximo 4 de maio, para o envío de comunicacións á quinta Xornada Universitaria Galega en Xénero, que celebrábase na Universidade de Vigo no mes de xullo.

Estas xornadas están organizadas de maneira conxunta polas unidades de igualdade das tres universidades do Sistema Universitario de Galicia e tenta ser un espazo de encontro para o persoal docente e investigador que traballa con perspectiva de xénero.

O **xerente** informou dos seguintes temas:

- O día 7 de abril de 2017 ditouse a Resolución Reitoral para a tramitación orzamentaria, económico-administrativa e a operatoria contable que se debe seguir nos expedientes de gasto relativos a contratación laboral de persoal con financiamento alleo, de carácter plurianual, en que se estableza unha data límite de xustificación, por anualidade, anterior á finalización do exercicio orzamentario.

Esta resolución ten as seguintes novidades:

- Permite comprometer o crédito ata o remate do proxecto de investigación.
  - Faise extensiva a calquera tipo de financiamento público de carácter plurianual que se xustifique no exercicio.
  - Recolle a posibilidade de contratar persoal investigador con cargo a proxectos durante todo período da axuda.
- Negociación coa Xunta de Persoal sobre a Oferta de Emprego Público do PAS da Universidade da Coruña para o ano 2017 e Procesos selectivos e de provisión do PAS.

O pasado día 24 de abril, e en cumprimento do acordado o 20 de novembro de 2015 entre as distintas organizacións sindicais e o reitorado da UDC para o ano 2017, continuouse a negociación da Oferta de Emprego Público para o ano 2017 e a promoción interna das prazas do Servizo de Informática e Comunicacions (SIC) e do persoal funcionarizado en 2015; na liña sinalada na información facilitada ao Consello de Goberno do pasado 29 de marzo.

A seguinte reunión, xa con contraproposta da Xunta de Persoal, convocouse para o vindeiro 3 de maio. O obxectivo é enviar a proposta da Oferta de Emprego Público para o ano 2017 para o análise e posterior autorización pola Xunta de Galicia, antes do remate do vindeiro mes de maio.

Así mesmo, no DOG do día 17 de abril pasado publicouse a convocatoria do concurso de traslados do persoal funcionario de administración e servizos da Universidade da Coruña.

Ofértanse 103 postos vacantes e o prazo de presentación de solicitudes remata o día 9 de maio de 2017.

## **2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 29 de marzo de 2017**

Aprobada sen votos en contra.

## **3. Contratos e convenios**

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en dous convenios marco (2), sete convenios específicos (7), e corenta e cinco convenios para prácticas (45) e que son aprobados sen votos en contra.

## **4. Aprobación, se proceder, da proposta de aceptación das doazóns realizadas á Facultade de Ciencias e a Escola Universitaria de Deseño Industrial**

Presentadas as propostas polo secretario xeral, foron aprobadas sen votos en contra, segundo figuran no **anexo IV** da presente acta.

## **5. Proposta sobre a liquidación do orzamento e as contas anuais da Universidade da Coruña correspondentes ao exercicio económico 2015**

A proposta, incluída na documentación facilitada xunto coa convocatoria a través do repositorio institucional da UDC, foi presentada polo **xerente** suscitándose, a continuación, un debate.

En primeiro lugar, tomou a palabra o profesor **Anxo Calvo** que agradeceu a exposición do xerente e interesouse polas razóns da demora no sometemento ao Consello de Goberno das contas de 2015, malia se tratasen de contas auditadas. A seguir, quixo lembrar as especiais circunstancias que a UDC atravesou en 2015: a suspensión da asunción de novos compromisos de gasto entre xuño e setembro (que non de pagamentos). Dá a impresión, indicou, que quen na altura criticaron duramente aquelas medidas non tiñan razón, porque agora demostrase que eran absolutamente necesarias. Lembra tamén que aquel ano houbo un debate intenso acerca de se había ou non que impugnar o PFSUG. E, máis outra vez, os feitos demostran que a decisión de formular recurso foi acertada. O 2015, engadiu, foi un ano extremadamente difícil. Os datos son malos, si. Mais aínda, poderían ser moito peores, ata o punto de se pór en risco a viabilidade da institución. Dentro do negativo, o aforro neto e o autofinanciamento evolucionan de forma positiva. Onde está pois o problema? En que o aforro bruto segue a ser negativo e que seguimos a ter déficit, incumprindo a Lei Orgánica de Estabilidade (LOE). Os datos coñecidos de 2016 xa son mellores, xa se cumpren as esixencias da LOE ... grazas á suspensión de gasto e o recurso formulado contra o PFSUG. Reitera que a



sentenza do PFSUG é unha magnífica noticia para a UDC, que hai que administrar con intelixencia, dando facilidades de pagamento á Xunta e sendo conscientes de que a base para o cálculo do financiamento da UDC mudou. Conclúe sinalando que o que houbo en 2015 non foi un problema de orzamento: o que sucedeu e que quen nos debía pagar non o fixo. E diante dese incumprimento a UDC actuou en consecuencia: suspensión de pagamentos e recurso. A Xunta debe ser consciente de que está en débeda coa UDC. E a UDC debe recoñecer o traballo de Amalia Blanco e Juan Villoslada.

Logo de agradecer a sintética exposición realizada polo xerente, **José Manuel Sánchez Santos** pregunta se hai algunha sombra de cara ao futuro ou se, pola contra, hai motivos para o optimismo.

O **profesor Miguel Muñoz** agradece tamén a clareza e a obxectividade do xerente e súmase á pregunta de Anxo Calvo a respecto dos motivos da demora. Pregunta tamén se os números van permitir convocar todas as prazas de acreditados.

O **xerente**, logo de agradecer o tono das tres intervencións, contestou as cuestións suscitadas comezando polas razóns da demora na presentación das contas, lembrando que en abril de 2016 Juan Villoslada xa fixera un avance da presentación. O retraso obedeceu á demora na contratación da entidade auditora, que culminou en decembro de 2016. Lembrou que o presentado é un informe provisorio – xa debatido na Comisión de Asuntos Económicos do Consello Social – xa que aínda non foi aprobado polo pleno dese órgano, e que se está a traballar para que as oito salvedades actuais sexan menos no definitivo. As contas de 2016 xa están internamente moi avanzadas na xerencia e agarda que a auditoría poda facerse con máis prontitude. Comprometeuse a presentar as contas no mes de xullo e o informe de auditoría en outubro deste ano e con menos salvedades que o actual. Valorou positivamente a suspensión de compromisos de gasto en 2015. Acerca da estabilidade financeira, indicou que a Consellaría de Facenda está moi atenta ás contas e revisou os orzamentos da UDC até a última cifra e que o Consello de Contas xa anunciou que vai revisar as contas do SUG correspondentes a 2015. Tras destacar a boa xestión económico-financeira da UDC, manifesta que agora a situación irá a mellor.

O **reitor** interveu para indicar que a convocatoria das prazas de promoción depende, en primeiro lugar, de que o Ministerio de Facenda elimine as limitacións á taxa de promoción. Se esta desaparecese, aínda estaría o límite do capítulo 1 (masa salarial). Ao cabo, concluíu, ter capacidade de manobra na masa salarial depende de todos nós, de que non se incrementen artificialmente as necesidades de docencia no POD.

Miguel Muñoz concorda co reitor. Só lembra que, segundo el, o reitor asumira o compromiso de convocar todas as prazas de promoción posíbeis caso de se eliminar a taxa de reposición.

O reitor sinala que a UDC xa está a aproveitar o límite da taxa de reposición. Mais para alén da taxa de reposición, temos o límite de masa salarial.

A liquidación é aprobada co voto en contra de Xosé Portela segundo figura no **anexo V**.

## **6. Proposta de modificacións das Normas para a solicitude de proxectos e a utilización dos recursos liberados dispoñibles en convocatorias do programa Horizon 2020 da UE**

Presentada polo vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia, foi aprobada sen votos en contra segundo figura no **anexo VI**.

## **7. Modificación dos Parámetros de Ponderación de materias de opción e troncais de modalidade para o acceso ás Ensinanzas Universitarias Oficiais de Grao do Sistema Universitario de Galicia - 2017/2018.**

Logo da presentación da proposta por parte do **reitor**, o profesor **Anxo Calvo**, interveu para sinalar que no seu momento enviarase unha nota aprobada pola Conferencia de Decanos das Facultades de Economía e Empresa que non están incorporadas. Trátase de que as materias de física, bioloxía e química ponderen un 0,1 para o acceso ás facultades de economía e empresa. Instou á equipa reitoral a trasladar esta proposta da CONFEDE á CIUG, a fin de que haxa un maior número de alumnos de ciencias que accedan ás facultades de economía e empresa.

**Moisés Canle**, decano da Facultade de Ciencias, lembra que cando esta táboa se debatera no Consello de Goberno, por primeira vez, el xa advertira que ía traer problemas e propuxera que todos os parámetros se colocasen en 0,2. Denuncia o caos absoluto provocado pola imprevisión do MECED que, ao final, van pagar os alumnos. Anuncia o seu voto en contra.

**Luís Hervella** pregúntase por qué as ringleiras das táboas non suman todas igual. O reitor contéstalle que a razón é que cada alumno apenas escolle dúas materias.

**Xurxo Dopico**, decano da Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física demanda que, no futuro, sexan consultadas as direccións dos centros antes de se publicaren as táboas de ponderación.

O **reitor** intervén para indicar que as táboas estaban xa preparadas o curso pasado de acordo coa LOMCE e que as mudanzas normativas posteriores non



son responsabilidade da CIUG. Sinala que a proposta da CONFEDERACIÓN foi debatida e non incorporada. Recoñece que é tarde de máis. Que isto tiña que ter sido aprobado no momento de se matricularen os alumnos no bacharelato mais, con todo, do que se trata agora é de ir á máxima ponderación para aproximar a actual ABAU o máis posible da PAU anterior. Informa que a UDC está a realizar unha campaña informativa, por medio do SAPE, nos diferentes centros de bacharelato.

**Moisés Canle** intervén de novo para sinalar que un alumno do SUG non pode alcanzar os 14 puntos, que si poderían obter os que veñan de fóra. O reitor responde que iso non é así, que todos van ter a mesma ponderación, xa que o cálculo é único para cada titulación.

**Guillermo Lorenzo** intervén para sumarse á intervención de Moisés Canle (isto é, ponderación xeral de 0,2) e solicita que para as próximas ocasións sexan consultadas as asociacións de estudantes.

Finalmente, a proposta foi aprobada por 16 votos a favor, 5 en contra e 11 abstencións, segundo figura no **anexo VII**.

## **8. Modificación do Regulamento de catálogo de investigación**

O regulamento, que figura como **anexo VIII** da presente acta, foi presentado polo vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia e aprobado sen votos en contra.

## **9. Aprobación dos calendarios académicos do curso 2017/2018**

Presentados pola **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente**, sinalou que á documentación que figura no repositorio habería que lle engadir “con dereito á devolución dos prezos públicos satisfeitos en caso de desistencia da matrícula”.

Toma a palabra **Alberto Franco** para esixir que o profesorado cumpra coa data límite de entrega das actas.

Os calendarios que figuran como **anexo IX** foron aprobados sen votos en contra.

## **10. Proposta de convocatoria de prazas de PDI contratado (OEP 2016)**

Presentada a proposta, que figura como **anexo X**, polo vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, foi aprobada sen votos en contra.

## **11. Proposta de modificación de área de coñecemento de PDI**

Presentada a proposta, que figura como **anexo XI**, polo vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, foi aprobada sen votos en contra.

## 12. Proposta de autorización de licenzas PDI

Presentada a proposta, que figura como **anexo XII**, polo vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, foi aprobada sen votos en contra.

## 13. Proposta de autorización de anos sabáticos curso académico 2017/18

Presentada polo **vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente**, intervén de seguido a profesora **Sonia Souto** para pór de manifesto o desequilibrio existente entre facultades. Ao cabo, indicou, os anos sabáticos dependen do POD (isto é, de que a docencia fiquese cuberta). Propón que se permitan contratos de substitución ou cobertura do profesorado que goza de anos sabáticos.

Intervén a profesora **Teresa López** para explicar que se hai moitas solicitudes da Facultade de Filoloxía isto non obedece a existencia de “colchón” ningún no POD senón á sobrecarga asumida polos compañeiros e compañeiras de quen disfrutan de anos sabáticos. Onde hai folgora – por exemplo, en filoloxía inglesa – é consecuencia de decisións como a reforma de planos de estudo que eliminaron as materias impartidas por este profesorado.

A profesora **Sonia Souto** intervén de novo para manifestar que o dereito a gozar de anos sabáticos non debería depender de que haxa compañeiros dispostos a asumir esa sobrecarga.

Intervén o **reitor** para sinalar que estas cuestións serán obxecto de debate cando se aborde a normativa reguladora dos anos sabáticos.

A proposta foi aprobada sen votos en contra, segundo figura no **anexo XIII**.

## 14. Proposta da Oferta de Emprego Público 2017 de PDI

Presentada a proposta polo vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, intervén a profesora **María Luísa Sánchez Simón** para indicar que a proposta responde a un acordo acadado na mesa sindical.

**Luís Hervella**, decano da Facultade de Informática, pregunta como é que se crean 28 novas prazas se apenas foron amortizadas 22. O vicerreitor responde que amortízanse 15 de axudantes doutores, 1 ao amparo da DT 3ª dos Estatutos da UDC, 1 Parga Pondal e 7 de contratados doutores.

Intervén tamén **Xosé Portela** indicando que dado que a proposta será aprobada sen a autorización da Xunta de Galicia, esta sexa transmitida ao Consello de Goberno cando se reciba.

A proposta foi aprobada sen votos en contra, segundo figura no **anexo XIV**.

## 15. Proposta de criterios para o desenvolvemento das Ofertas de Emprego Público de PDI

A proposta, que figura como **anexo XV**, foi presentada polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, quen informa da nova redacción das Disposicións Adicionais 3ª introducida pola COAP (“Se o proceso de promoción conduce a un incremento de efectivos da área de coñecemento dun departamento determinado ou o profesor ou profesora solicitante da praza non a acadase, non se poderá solicitar unha nova praza da mesma categoría e área de coñecemento até pasados cinco anos”) e 4ª (“incidencia positiva nos indicadores de calidade da UDC”).

**María Luísa Sánchez Simón** indica que aínda que o documento foi acordado na mesa sindical logo dun amplo debate, as modificacións introducidas pola COAP non foron obxecto de negociación nomeadamente polo que atinxe á disposición adicional 4ª que, ao seu ver, debería facer que a proposta fose retirada e volvese á mesa sindical.

O profesor **Miguel Muñoz** xulga necesario introducir novos criterios para a promoción a catedrático de universidade tales como, por exemplo, o de “área deficitaria”. Gustaríalle coñecer a listaxe de PDI acreditado, desglosado por área de coñecemento e ano de acreditación.

O profesor **Sobriño Heredia** insiste na necesidade desa listaxe, como medio de garantía da seguranza xurídica e as expectativas lexítimas dos acreditados. Suxire dous criterios: antigüidade e data de acreditación. O vice-reitor indica que a data de acreditación prima sobre a antigüidade.

O profesor **Ignasi Colominas** critica que non se valoren aspectos como os agora recollidos na disposición adicional 4ª e, por iso, adianta o seu voto favorable aínda que tería preferido que non se adiasse a súa aplicación para 2018.

O profesor **Anxo Calvo** lembra que se engadiron tamén outros criterios como o de unha praza por área de coñecemento para catedrático de universidade mais non para titular de universidade e contratado doutor. Alerta sobre o risco de que os intereses xerais da UDC fiquen subordinados a intereses particulares.

A profesora **Natalia Álvarez Lata** manifesta que, ao seu parecer, o criterio fundamental debe ser o da área de coñecemento e non a data de acreditación.

A profesora **Teresa López** propón, en relación coa disposición adicional 4ª obxecto de discrepancia entre a mesa sindical e a COAP, que se retire do documento co compromiso de que o programa sexa aplicado.

A profesora **Fernanda Miguélez** maniféstase en contra da exclusividade da data de acreditación. Considera que vai en contra do principio de mérito e

capacidade e que impide a discriminación positiva para corrixir desequilibrios entre as diferentes áreas da UDC.

O profesor **Moisés Canle** aplaude a disposición adicional 4ª. Xulga que unha grande parte dos problemas veñen do anterior PFSUG que, precisamente, non contaba cunha medida deste tipo que vai incidir de forma positiva nos índices de calidade e de financiamento da UDC.

O profesor **Xurxo Dopico** quere deixar claro que manteñen a solicitude tradicional do INEF de que se corrixan os desequilibrios entre áreas. Lembra que na UDC hai distintas categorías específicas de profesorado (INEF, Mariña Civil, etc.) e que, por tanto, é preciso que parezan no documento referencias a esas escalas especiais.

Sobre a inclusión da disposición adicional 4ª o **reitor** concorda con **Moisés Canle** na necesidade de que desde a UDC se envíe unha mensaxe clara e nos dotemos de ferramentas que permitan estabilizar o persoal excelente que queremos captar. É importante que nos comprometamos a encontrar un mecanismo adecuado. Con todo, o único ao que nos obriga esta nova disposición adicional (en diante DA) 4ª é a abrir un proceso de negociación. O fundamental é a mensaxe.

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** sinala que, desde o seu punto de vista, a DA 4ª non cuestiona o acordo logrado na mesa sindical, xa que o único que compromete é unha negociación futura. O obxectivo – reter e captar talento – é irrenunciábel para a UDC. Outros criterios que tamén se debateron cederon ante o consenso maioritario arredor da data de acreditación e a antigüidade. Tomouse en conta a situación especial en que agora se atopa a UDC (bolsa de acreditados). Mais tamén se inclúen criterios diferentes da antigüidade e a data de acreditación. Sobre o reparto entre áreas, indica que se houbese máis dun acreditado CU por rama de coñecemento entra en xogo a data de acreditación.

O **reitor** lembra que esta situación obedece a decisións alleas á UDC que nos impediron, desde 2012, convocar novas prazas de promoción e que levaron a suspender o programa que até entón se viña aplicando. Agora temos que elaborar uns novos criterios para ordenar a bolsa de acreditados que temos actualmente, pensando na institución mais tamén sen esquecer os lexítimos dereitos e expectativas das persoas.

**María Luísa Sánchez Simón** sinala que o criterio da data de acreditación procede do convenio colectivo.

**Sobrino Heredia** teima na listaxe e solicita que se elabore. O **reitor** esclarece que non existe garantía ningunha de que todos os acreditados comuniquen

esta circunstancia á UDC. Para rematar, sinala que a listaxe elaborárase a partir das solicitudes de promoción que se realicen.

Finalmente a proposta foi aprobada por 28 votos a favor, 3 en contra e 4 abstencións, segundo figura no **anexo XV**, citado anteriormente

## **16. Proposta de modificación da Normativa de dedicación do PDI**

Logo da presentación realizada polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, a profesora **Sánchez Simón** toma a palabra para ler a intervención que a seguir se reproduce literalmente:

“Á vista de como se se levou o proceso, xa que a normativa non foi negociada, os órganos de representación unitaria do PDI, non estamos de acordo ca presente proposta de modificación da normativa de dedicación do PDI. Mantemos a postura de non querer cambiar a normativa sen unha negociación tranquila e rigorosa con datos que identifiquen os problemas e que busque solucións. Apreciamos que a partir do venres se abra o proceso de negociación de cara a mellora desta normativa.”

O profesor **Ignasi Colominas** pregunta a canto ascende o total de horas que se compensan. O vice-reitor responde que, aproximadamente, a 80.000. o profesor Colominas manifesta que lle parece un número excesivo.

**Moisés Canle** solicita a retirada do punto 4º do documento relativo á redución por quinquenios. De non ser así, manifesta, votará en contra da proposta.

**Sonia Souto** manifesta a súa preocupación pola normativa que afecta ao ensino online. Máis que reducións docentes, considera, deberían recuperarse os incentivos económicos.

O **reitor** intervén para lembrar que a UDC non aplicou o RD-Lei Wert, a diferenza de Vigo e Santiago. Que a UDC elaborou unha normativa para amortecer os efectos do RD-Lei Wert e, a diferenza da USC, aplicouna. Mais esta normativa produciu unha situación que é preciso corrixir. Demanda unha negociación demorada e sen apriorismos para elaborar unha nova norma. Lembra que os cambios na normativa de dedicación non afecta ao plantel de profesorado. E pide tranquilidade até acadar un acordo final.

**Fernanda Miguélez** indica que o compromiso asumido polo anterior vice-reitor de profesorado de ver como quedaba o POD para corrixir os problemas nunca se levou a práctica. Agora cumpre inicialo. E lembra que nos quinquenios hai moito profesorado con 320 horas.

Finalmente, a proposta que figura como **anexo XVI**, foi aprobada por 22 votos a favor, 3 en contra e 6 abstencións.

## 17. Proposta do Procedemento para a elaboración do POD 2017/18

Presentada a proposta, que figura como **anexo XVII**, polo vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, foi aprobada cos votos en contra de Alberto Franco, Xosé Portela e a abstención de Sonia Souto.

## 18. Quenda aberta de intervencións

Toma a palabra o profesor **Moisés Canle** para interesarse polo estado do proceso de modificación dos criterios de acreditación da ANECA e alertar do proxecto de Decreto da Xunta regulador dos contratos de investigadores, que ameaza perpetuar a precariedade dos investigadores en Galicia.

**Sonia Souto** lamenta que a sesión do Consello de Goberno se realice aínda cos vellos representantes de directores de centros e de departamentos.

**Alberto Franco** critica a ausencia do reitor ben como o recurso do PDI ao estudantado para defender as súas posicións. Temos unha PDA mellorable e por iso é preciso negociar coa representación das carreiras técnicas. Lamenta que se ironice sobre o grao de información do estudantado e non se de información veraz. Propón un cara a cara. Finalmente, pregunta pola data en que se vai convocar o próximo Claustro Universitario.

**Guillermo Lorenzo** formula dúas preguntas ao vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia: primeira, pola data de convocatoria das axudas pré-doutorais da Xunta. A segunda, acerca de se se vai indemnizar por fin de contrato aos FPI e FPU.

**Xosé Portela** manifesta que o procedemento de traslado de PAS funcionario é contrario á Lei de Emprego Público de Galicia de 2015, ao non se incluír dentro do concurso o servizo de informática e telecomunicacións. Anuncia que a Xunta de Persoal está a estudar a interposición dun recurso ao respecto e que esta actuación tensa gratuitamente as relacións entre a Xunta de Persoal do PAS e a equipa de goberno. Interésase tamén polo correo electrónico recibido nas conserxarías anunciando a instalación dun sistema electrónico de control de presenza do persoal da contrata de limpeza.

**Anxo Calvo** refírese á confusión sobre a creación de seccións departamentais. Esclarece que o que se adscribe ás seccións é o PDI e non as materias. Demanda que se clarifiquen estes extremos, para evitar o mal trago de non as aprobar no Consello de Goberno.

Para contestar ás cuestións formuladas, toma a palabra en primeiro lugar o **vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente**, que informa de que non se está a avanzar nada na homoxeneización de criterios de acreditación entre



as diferentes áreas. Informa tamén que o día 2 de maio manterase unha reunión co estudiantado na ETSAS ás 12:30 h.

O **vice-reitor de Política Científica, Investigación e Transferencia** informa sobre o borrador de Decreto da Xunta indicando que non afecta directamente ás Universidades, mais aos contratos da AGAIN. A respecto da indemnización de FPU e FPI, admitida pola Universidade de La Rioja, anuncia que será debatida na próxima reunión da sectorial da CRUE. E, finalmente, informa que está previsto que as bolsas pré-doutorais da Xunta sexan convocadas a mediados do mes de maio.

O **xerente** manifesta, en primeiro lugar, que non comparte as afirmacións realizadas por Xosé Portela en relación co concurso de traslados do PAS funcionario. Considera que as decisións están motivadas e que esas razóns son coñecidas pola representación do persoal (ao menos os que acoden ás convocatorias da xerencia). En concreto, informa que están recollidas na acta do pasado 29 de marzo. En segundo lugar, sobre o control de presenza do persoal da limpeza do que se trata, sinala, é de comprobar que a adxudicataria está a cumprir os compromisos asumidos na súa proposta.

O **vice-reitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade** felicítase pola sentenza do PFSUG.

Finalmente, o **secretario xeral** compromete a elaboración dunha instrución sobre seccións departamentais. Era ben, indica a profesora **Teresa López**, enviar ás UADIS o Regulamento Marco de Departamentos.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:10 h, do que eu, como secretario, dou fe, co visto e prace do presidente.

Visto e prace

O secretario xeral

O presidente

Carlos Aymerich Cano

Julio Abalde Alonso